

ASISTENCIA TÉCNICA AOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A ACTUACIONS QUE FAVOREZAN A MOBILIDADE.

Por Resolución de 27 de abril de 2022 número 2022003174, no exercicio das competencias delegadas pola Presidencia por Resolucions nº 2019012988 e 2019014186 de 15 de xullo e 1 de agosto de 2019, o deputado delegado de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, Cooperación Transfonteiriza e AECT Río Miño aprobou as seguintes condicións para a asistencia técnica aos concellos da Rede Ágora para a tramitación das subvencions destinadas a actuacións que favorezan a mobilidade:

Primeira.- Poderán solicitar os servizos de asistencia técnica os concellos da provincia adheridos á Rede Ágora.

Cada concello terá dereito á tramitación dunha única subvención para unha actuación que encaixe nalgunha das convocatorias europeas acordes aos principios Ágora.

Os servizos prestaranse sen que os concellos deban asumir ningún custo.

As peticións de asistencia tramitaranse por orde de entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra e conforme á dispoñibilidade orzamentaria.

Segunda.- A asistencia técnica consistirá na tramitación de subvencions para actuacións promovidas polos concellos e que favorezan a mobilidade sustentable ou de recuperación de espazos públicos para as persoas.

A asistencia abrangue tanto as subvencions cuxa convocatoria estea vixente na actualidade como aquelas axudas que se oferten durante o período de vixencia do contrato e que teñan como finalidade a realización de actuacións que favorezan a mobilidade.

Por documentación técnica entenderase calquera documento propio da convocatoria e requirido polo organismo xestor das axudas que habitualmente terá por obxecto achegar información suficiente sobre as actuacións propostas. Terán a condición de documentación técnica, por exemplo, os formularios e memorias propios da convocatoria (sexan en formato papel ou electrónico) que documenten o proxecto e que poidan incluír aspectos técnicos, económicos, etc..., os estudos particulares como por exemplo estudos enerxéticos acoutados ás zonas de alcance das actuacións, estudos de redución de emisións, estudos demográficos ou de equilibrio territorial, auditorías, etc... sempre e cando sexan requiridos expresamente nas bases das convocatorias.



Non se inclúe no alcance deste servizo a elaboración e redacción da documentación técnica necesaria para definir as actuacións como poden ser anteprojectos, memorias e orzamentos, proxectos básicos, proxectos construtivos, etc.

Terceira.- O prazo para a presentación das solicitudes polos concellos estará aberto de xeito indefinido mentres estea vixente a asistencia técnica contratada pola Deputación.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>., de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Se a entidade presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación.

Cuarta.

A Deputación de Pontevedra asume as seguintes obrigas:

- Financiar o custo dos servizos de acordo co contrato formalizado coa empresa adxudicataria.
- Exercer, a través da Área de Espazos Públicos e Mobilidade Amable, de intermediaria entre a empresa adxudicataria da asistencia técnica e a persoa responsable designada polo concello.
- Coordinar a realización de toas as tarefas recollidas no contrato formalizado pola Deputación coa empresa adxudicataria do servizo, prestando asistencia técnica aos concellos no seguimento das convocatorias e procedemento de solicitude, na xestión técnica, coordinación e seguimento das actuacións subvencionadas (agás tarefas relativas a execución dos proxectos) e para a xustificación das actuacións.

Quinta.

Os concellos asumirán as seguintes tarefas:



- Preparar todos aqueles documentos de carácter administrativo que sexan da súa competencia elaborando toda a documentación administrativa necesaria que acompañará á solicitude fóra do ámbito da adxudicataria do servizo de asistencia técnica.
- Achegar á empresa adxudicataria do servizo a información e a documentación técnica dispoñible sobre cada proxecto/actuación proposta que servirá de base para a realización dos servizos de asistencia. Neste sentido, achegará a documentación técnica do proxecto e o PMUS en vigor, de ser necesario. Achegaranse ademais a información e os datos específicos que estean dispoñibles para a elaboración da documentación necesaria.
- Achegar á empresa adxudicataria os orzamentos detallados de cada unha das actuacións a realizar.
- Elaborar a xustificación económica e administrativa correspondente a cada actuación ou proxecto, se ben poderá ser requirida asistencia para instruír sobre os procedementos establecidos nas bases da convocatoria e os requisitos que poidan establecerse naquelas.

A interlocución cos diferentes organismo xestores das axudas corresponderá o concello correspondente como posible beneficiario directo daquelas, se ben por cuestións prácticas, o adxudicatario poderá contactar co devandito organismo sempre e cando as cuestións a tratar teñan un compoñente técnico tal que requira unha comunicación directa co técnico responsable da elaboración dos documentos e se autorice dita xestión.

O deputado delegado de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, Cooperación Transfonteiriza e AECT Río Miño.

Documento datado e asinado dixitalmente

